

ANXO QUEIRUGA, PRESIDENTE DE CERMI-GALICIA

“O obxectivo principal é non dar un paso atrás”

S.N.
OURENSE

Hoxe celébrase en todo o mundo, o Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Unha das entidades máis destacadas de Galicia neste sector é o Comité de Entidades Representantes de persoas con discapacidade de Galicia (Cermi) que leva 12 anos traballando polo colectivo. Ao fronte desta entidade está o presidente de Cogami (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), Anxo Queiruga.



Asistentes ás xornadas de capacitación.

ARQUIVO

Cómo se vive unha xornada coma esta?

Para nos é un día de moito traballo, que espero que tamén sirva como reflexión para todos os poderes público e para as propias persoas con discapacidade. É un xornada que serve para pensar hacia onde queremos ir, facer propostas e para que nos medios teña máis repercusión a noso labor e facer así máis visible o traballo que se fai. Tamén é unha xornada de portas abertas. Non podemos olvidar que hai un 10% de galegos que teñen unha discapacidade e unha sociedade avanzada nos se pode esquecer deste colectivo.

A que retos se enfrentan as persoas con discapacidade?

A discapacidade é un tema transversal que afecta a persoas de toda clase e condición. Hai que superar esa concepción paternalista que as veces se da nalgúns medios de comunicación. En ocasións vemos como nos medios salen persoas con discapacidade superando obstáculos que as mostran nun stand as axudas técnicas que existen e reflexionar sobre as posibilidades que os usuarios teñen de chegar a elas. Tamén tiven a oportunidade de estar nunha mesa coa secretaria de Política Social, Coro Piñeiro e coa directora xeral de colocación, Ana María Díaz, na que se falou dos problemas de colocación do colectivo.

esforzo, máis que a empresa privada.

Qué actos se organizan arredor deste día?

Mañá, para conmemorar este día, leerase un manifesto que representa a todo o sector da discapacidade no que se pide, sobor de todo, que non haxa recortes sociais e pedirase ás administracións e empresas que respeten a declaración da ONU que reconece todos os dereitos dos discapacitados. Cada asociación e entidade organiza actividades con escolares e de ocio, actividades deportivas, etcétera. Tamén estamos nunhas xornadas de capacidade nas que se mostran nun stand as axudas técnicas que existen e reflexionar sobre as posibilidades que os usuarios teñen de chegar a elas. Tamén tiven a oportunidade de estar nunha mesa coa secretaria de Política Social, Coro Piñeiro e coa directora xeral de colocación, Ana María Díaz, na que se falou dos problemas de colocación do colectivo.

Como é a situación do colectivo en Galicia?

Recentemente tivemos un-

ha reunión estatal en San Sebastián dos Cermis autonómicos de toda España e parece que Galicia está aguantando mellor a crise, aínda que penso que todo depende do prisma con que se mire posto que hai recortes das administracións que nos afectan. Tamén temos dificultades para que os bancos nos den créditos. É unha situación que nos preocupa. Tamén nos afectou a desaparición da obra social das caixas.

Cales son os obxectivos de aquí en adiante?

O obxectivo é non dar un paso atrás. Nos últimos anos é certo que a situación da discapacidade e das súas familias cambiou moito e por tanto, é importante non volver agora á situación de fai 20 anos e facer as cousas con sentidoño. Tivemos unha conversa con presidente da Xunta de Galicia, que nos dixo que estivéramos tranquilos, que non é momento de facer grandes cousas e si de manter o que hai.

Cales son os retos do colectivo?

Hay cousas básicas como o ensino, o acceso á formación ordinaria como calqueira outro rapaz. Tamén hai que incidir no tema do desenvolvemento da autonomía personal e na protección do emprego. O primeiro son as actividades básicas da vida diaria (levantarse, por exemplo, posto que se non te podes levantar non poder ir traballar) que debe estar cuberto



Anxo Queiruga, presidente de Cermi Galicia e Cogami.

ARQUIVO

e logo está o tema do transporte adaptado ou outros, como o cupo de discapacitados no acceso a postos na función pública.

Qué políticas de emprego se desenrolan para o colectivo?

En Cogami contamos con un servizo de emprego para persoas con discapacidade. No ano 1996, os datos de inserción laboral do colectivo eran irrisorios e o ano pasado, Cogami tiña encontrado traballo para 2.000 persoas. É importante porque o emprego é o maior elemento de integración e para saír do illamento

O EMPREGO É UN DOS MAIORES ELEMENTOS DE INTEGRACIÓN DO COLECTIVO E DAS MELLORES SOLUCIÓNS PARA SAIR DO ILLAMENTO PERSOAL. EN COGAMI TEMOS UN SERVIZO DE EMPREGO

persoal. Nos 12 anos de Cermi Galicia, o maior avance produciuse no emprego e en facer visibles ás persoas do colectivo. O sector da discapacidade está cada vez máis presente na axenda política.

Qué papel xogan os medios de comunicación?

Penso que os medios deberían visibilizar as cousas que fan as entidades. Son moitas as persoas que co seu traballo tamén contribúen ao desenvolvemento económico. Soese dicir nos medios que as maiores barreiras son as arquitectónicas, aínda que eu penso que son as sociais. ■

FUNCIÓNS DE CERMI-GALICIA

Cermi Galicia ten entra as súas funcións:

- Cermi de Galicia ten como obxectivo primordial ser un foro de estudo e debate, que desenvolva propostas para a mellora e defensa do colectivo que representa; polo que quedan fóra das súas funcións a xestión de programas ou servizos finalistas ou prestacionais, que quedan na esfera de competencia das organizacións membro.
- Diseñar políticas de actuación encamiñadas a conquiar a normalización social das persoas con discapacidade.
- Ser unha plataforma común de debate para as persoas con discapacidade.

- Representar ás entidades de persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma Galega que constitúen Cermi-Galicia, ante os seus diferentes órganos gobernamentais e outras instancias públicas e privadas desta Comunidade, en relación cá problemática propia do colectivo representado.

- Analiza-los diferentes problemas xerais e de importancia que afecten ó sector das persoas con discapacidade.

- Fixar posicións unitarias e adoptar decisións ou posicionamentos do sector sobre calquera materia que os membros do Comité decidan en cada momento.